

## **Intervención do presidente do Parlamento no acto institucional conmemorativo do 40 aniversario das primeiras Eleccións ao Parlamento de Galicia**

Salón dos Reis do Parlamento de Galicia, 20/10/2021

Presidente da Xunta de Galicia,  
Expresidente do Goberno de España e restantes relatores desta xornada,  
Integrantes da Mesa do Parlamento,  
Portavoces dos grupos parlamentarios,  
Deputadas e deputados,  
Exdeputados  
Señoras e señores:

Sexan todas e todos benvidos ao Parlamento de Galicia neste novo acto conmemorativo dos 40 anos da Autonomía de Galicia, no que hoxe contamos con convidados de excepción, catro exdeputados do primeiro Parlamento de Galicia:

- Mariano Rajoy Brey (Grupo Parlamentario de Alianza Popular de Galicia)
- Víctor Vázquez Portomeñe (Grupo Centrista)
- Xerardo Estévez Fernández (Grupo dos Socialistas de Galicia)
- Camilo Nogueira Román (Grupo Mixto)

Galegos ilustres, que nestas catro décadas de historia desenvolveron intensas e exitosas carreiras políticas e profesionais, mais que foron convidados e están aquí —neste foro plural, como todos os que acolle esta casa—, única e exclusivamente na súa condición de integrantes de cada un dos catro grupos parlamentarios xurdidos da cita coas urnas celebrada o 20 de outubro de 1981, nas primeiras Eleccións ao Parlamento de Galicia.

Forma parte esta xornada dunha serie de conmemoracións que rememoran as catro décadas de vida do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia, hoxe lembrando —como dixen— o aniversario da



celebración das primeiras eleccións autonómicas da nosa historia, e que proseguiremos, o próximo 19 de decembro, para conmemorar os 40 anos do noso Parlamento, o Parlamento de Galicia.

Non é a primeira nin será esta a derradeira ocasión en que reivindico a nosa historia, un mellor coñecemento da nosa historia, porque os españois en xeral e os galegos en particular somos grandes descoñecedores do noso pasado, desde os feitos máis remotos ata o acontecido en décadas recentes.

Acontece isto co agravante da lenda negra que tanto dano nos ten inflixido século tras século. Lenda negra, un termo utilizado por vez primeira, por certo, por Emilia Pardo Bazán para denunciar a manipulación da nosa historia —sempre para mal e sempre interesadamente— nunha conferencia pronunciada en París en 1899.

Traio a colación este asunto para animar a todas e a todos a se mergullaren na nosa historia, como modestamente tratamos de facer con esta e outras actividades de análoga natureza, co ánimo de suscitar a curiosidade e o interese da xente.

Por desgraza, moitos dos nosos coetáneos —por non falarmos dos máis novos— saben tanto ou máis dos primeiros presidentes estadounidenses que dos feitos e das personalidades aos que debemos a estabilidade e o benestar dos que España e Galicia gozamos nos nosos días.

Son perfectamente consciente da potente influencia de determinados contidos audiovisuais foráneos, influencia que temos a obriga de tentar contrarrestar na medida das nosas modestas posibilidades, no plano individual e no plano colectivo.

O noso pasado está cheo de feitos lutosos, certo, mais tamén de fazañas épicas que para si quixeran outras sociedades. Poño por caso a Real Expedición Filantrópica da Vacina, que levantou áncora da Coruña en 1803 para levar a vacina da varíola a América e, desde alí, a Filipinas e mesmo parte da China. Unha galega, Isabel Zendal —que con xustiza dá nome, desde o pasado verán, a unha sala deste Parlamento—, representou un papel determinante para o éxito da

misión. Por esa razón, xa desde 1950, é considerada pola OMS como a primeira enfermeira do mundo en misión internacional. Tiveron que transcorrer case 70 anos máis para que, en Galicia e en España, Isabel Zendal comezase a ser coñecida e recoñecida polo conxunto da sociedade, e non só polos eruditos interesados na historia da medicina.

Evitar que esquecementos deste tipo volvan producirse é o obxectivo de xornadas como a que hoxe nos convoca para conmemorar os 40 anos das primeiras Eleccións ao Parlamento de Galicia.

Falamos dun momento histórico —finais do ano 1981—, en que a democracia, con todos os cambios derivados da transición iniciada tras a morte do ditador, estaba aínda en fase de afianzamento, mais non definitivamente consolidada. Abonde con lembrar o intento de golpe de estado do 23 de febreiro dese mesmo ano.

Con todo, as ansias de democracia latexaban con forza na maioría da xente, o que explica o éxito sen paliativos do Estado de dereito que, entre todos, fomos quen de edificar e consolidar nestas catro décadas.

Centrándome no caso galego, que é o que nos ocupa, estamos en débeda con moita xente:

- cos impulsores do Estatuto do 36;
- coas vítimas da barbarie e da represión;
- coas persoas que se viron na obriga de se exiliaren para salvar as súas vidas, moitas veces nunha viaxe sen retorno;
- cos que avivaron o espírito galeguista e democrático durante a «longa noite de pedra»;
- e con cantos, en suma, desde diferentes posicionamentos, contribuíron ao asentamento da democracia e á chegada da autonomía, nun exemplar exercicio de concordia que fariamos ben en recuperar nos nosos días.

A eles, e á «Santa Compañía de inmortais galegos», o noso eterno agradecemento.



Tal día coma hoxe, hai 40 anos, Galicia acudía ás urnas para elixir o seu primeiro Parlamento de toda a nosa historia. «Vota aos teus», como animaba a campaña institucional impulsada naquel momento. É certo que se cadra se votou sen moito calor popular, unha eiva compensada polo entusiasmo dos que concorreron a aqueles comicios a partir dos cales comezou a edificarse a autonomía e as institucións que hoxe a conforman.

Curiosamente, esta etapa da nosa historia recente está aínda pouco estudada, ou non suficientemente polo menos. Cómpre acometer ese traballo para evitar que se perpetúen tópicos inxustos e se afonde noutras realidades, descoñecidas para a maioría, como a denominada «abstención técnica» vinculada ás notables deficiencias dos censos electorais daquela altura, con sobredimensionamentos próximos ao 40 % nalgúns concellos, segundo se ten publicado.

Falaba da nosa gratitude para coa extensa nómina de devanceiros cos que estamos en débeda. Recoñecemento que quero particularizar nalgunhas das figuras que lideraron aquel proceso.

Refirome á «Comisión dos 16» que elaborou o primeiro anteproxecto de Estatuto de Autonomía, e aos seus impulsores; mais tamén a cantos puxeron o mellor do seu talento e do seu talante ao servizo da nobre tarefa de superar o «Estatuto da aldraxe». A eles corresponde o mérito de que Galicia teña agora a consideración de Comunidade histórica, con todo o que iso significa. Porque houbo quen, naqueles tempos — cómpre recordalo—, tratou se arrombar Galicia ao vagón de cola, nunha categoría inferior a Cataluña e ao País Vasco.

E refirome, tamén, claro está, ao primeiro presidente da Xunta de Galicia elixido polo Parlamento saído da convocatoria electoral do 20 de outubro de 1981. Don Gerardo Fernández Albor sacrificou unha desafogada situación persoal, como médico e cirurxián de prestixio, para se converter en «apóstolo de autonomía» centrado na «propagación do sentimento autonomista», segundo as súas propias verbas, na procura dunha maior base social para o autogoberno e de ancoraxes sólidas para as institucións que se dispoñían a edificar.



Tomando prestada unha reflexión do profesor Pérez Vilariño, «a aparición de determinados órganos anticipouse ás necesidades» da xente.

Para coñecer as súas lembranzas, e tamén as súas reflexións, froito da súa condición de protagonistas destacadísimos da historia autonómica de Galicia, cedo xa a palabra aos nosos convidados nesta xornada, aos que agradezo moi especialmente que teñan aceptado a invitación que lles formulamos.